

## **INFORME DE SEGUIMENTO DE PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO**

**ENTIDADE:** DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**PERÍODO:** SEGUNDO SEMESTRE DE 2016

I.- O artigo 24.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece que a Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira elaborará, semestralmente, un informe de seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros en vigor para as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

No caso de que o informe verifique que non se deu cumprimento ás medidas incluídas no plan e isto motivase o incumprimento do obxectivo de estabilidade, aplicaranse as medidas coercitivas do artigo 25.

II.- A Deputación de Lugo constatou un incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2015, coas seguintes magnitudes:

- Capacidade de financiamento 6.946.866,55 €
- Incumprimento da regra de gasto: -5.812.615,15 €

Ante este incumprimento, a Deputación aprobou inicialmente un PEF 2016-2017 con data 28 de xuño de 2016, e tal como establece o artigo 23.4 da citada Lei Orgánica de Estabilidade, foi remitido a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda, que no exercicio das competencias en materia de tutela financeira dos Entes Locais, atribuída á Comunidade Autónoma no artigo 49.1 do seu Estatuto de Autonomía, aprobou este PEF de forma definitiva con data 12 de xullo de 2016.

O citado PEF indica que o incumprimento da regra de gasto foi debido ao maior grado de execución do orzamento do 2015 respecto dos exercicios anteriores, tanto na

execución de créditos do exercicio corrente, como na execución dos remanentes incorporados, a cal supera en máis de 20 puntos á media dos tres últimos anos.

Non obstante ao anterior, nesta liquidación do exercicio 2015 prodúcese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria cunha capacidade de financiamento do 6,5% dos ingresos non financeiros, e do límite de débeda, cunha porcentaxe de débeda viva sobre ingresos correntes do 1,2%. Tamén presenta aforro neto positivo.

Con todo isto conclúese que a causa do incumprimento é unha causa conxuntural e non estrutural. O orzamento aprobado inicialmente para o ano 2016 prevía o cumprimento da regra de gasto e o obxectivo de estabilidade orzamentaria. Ademais, no momento da elaboración do PEF, o nivel de execución dos capítulos VI e VII de gastos é inferior ao alcanzado na media dos tres últimos exercicios. Con todo, consideraba prudente cuantificar no exercicio 2016 unha redución do 15% no nivel de execución do capítulo VI e VII sobre a media citada

Respecto ás previsións para o exercicio 2017 utilízanse os importes incluídos nos plans orzamentarios 2017-2018-2019 aprobados o 11 de marzo de 2016, estimando un importe de incorporación de remanentes de crédito e modificacións financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais similar ao do exercicio 2016, mantendo o resto de hipóteses previstas para o 2016

Resultado do anterior, proxectábanse os seguintes obxectivos no PEF aprobado:

**Liquidación 2016:**

- Capacidade de financiamento: 13.740.349,93 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto sobre o teito máximo:  
388.509,89 €

**Liquidación 2017:**

- Capacidade de financiamento: 11.329.277,10 €

- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto sobre o teito máximo:  
 312.569,99 €

III.- Os datos da liquidación do exercicio 2016 facilitados pola entidade na plataforma habilitada na Oficina Virtual do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

- Capacidade de financiamento: 13.787.597,79 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de 524.681,44 €

IV.- O grao de execución das medidas propostas no PEF -que afectan unicamente aos empregos non financeiros- é o seguinte, segundo o informe facilitado pola Intervención da entidade a través da plataforma PEFEL:

Descrición Medida	Soporte xurídico	Entidade Afectada	Data de Aplicación Efectiva	Capítulo	Efecto económico previsto no PEF ao peche do 2016	Efecto económico previsto en execución ao peche do 2016	Diferenza	Grado de Execución %
O NIVEL DE EXECUCIÓN DO CAPÍTULO VI AO FINAL DE EXERCICIO ESTEA POR DEBAIXO DA MEDIA PORCENTUAL DOS TRES ÚLTIMOS EXERCICIOS NUN 15%	4.- Outros	Diputación Prov. de Lugo	07/06/2016	6	1.384.162,11	2.757.495,21	1.373.333,10	199,22
O NIVEL DE EXECUCIÓN DO CAPÍTULO VII AO FINAL DE EXERCICIO ESTEA POR DEBAIXO DA MEDIA PORCENTUAL DOS TRES ÚLTIMOS EXERCICIOS NUN 15%	4.- Outros	Diputación Prov. de Lugo	07/06/2016	7	878.371,84	-1.270.261,98	-2.148.633,82	-144,62
<b>TOTAIS</b>					<b>2.262.533,95</b>	<b>1.487.233,23</b>	<b>-775.300,72</b>	<b>65,73</b>

En canto ao informe de seguimento dos obxectivos do PEF aprobado correspondente á liquidación definitiva do exercicio 2016, este presenta o seguinte resultado

Concepto	Importe
<b>LIQUIDACIÓN 2016</b>	
(A) Capacidade/Necesidade Financiamento da corporación local	13.751.515,37
(B) Diferenza entre "Límite da Regra de Gasto" e "Gasto computable"	524.681,44
(C) Nivel de Débeda Viva	0
<b>PREVISIÓNS DO PEF</b>	
(D) 3.1 Estabilidade Orzamentaria: capacidade/necesidade financiamento do PEF para o exercicio 2016	13.740.349,93
(E) 3.2 Regra de Gasto: cumprimento/incumprimento da Regra de Gasto no PEF 2016	388.509,89
<b>DIFERENZA</b>	
(F) Cumprimento/incumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria fixado polo PEF para o período 2016	11.165,44
(G) Cumprimento/incumprimento do obxectivo da Regra de Gasto fixada polo PEF para o período 2016	136.171,55
Fórmula de cálculo: (F)=(A)-(D)	
Fórmula de cálculo: (G)=(B)-(E)	

## CONCLUSIÓN

A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, como órgano de tutela, considera que, á vista dos datos sobre a liquidación do exercicio 2016, a **Deputación de Lugo presenta cumprimento das magnitudes de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, por riba das previsións efectuadas no PEF.**

Polo tanto, o seguimento do PEF da Deputación de Lugo correspondente ao segundo semestre de 2016 implica que as medidas aprobadas garanten o retorno á senda da estabilidade e crecemento da entidade, sen prexuízo da vixencia do PEF ata o peche do exercicio 2017, e por iso se estima un cumprimento do Plan á súa finalización.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017